

RESOLUCIÓN REITORAL DE 18 DE OUTUBRO DE 2023, POLA QUE SE ESTABECE O PROCESO DE SELECCIÓN DE TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO IMPARTIDAS POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) NO CURSO ACADÉMICO 2022/2023, PARA OPTAR Á CONCESIÓN DE SELO DE GRAO DE EXCELENCIA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Mediante a Orde do 4 de outubro de 2023, (Diario Oficial de Galicia do 10 de outubro) a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, establece as bases reguladoras e convoca, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de Selo de grao de excelencia na Comunidade Autónoma de Galicia a un máximo de tres titulacóns universitarias oficiais de grao impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

Esta distinción pretende favorecer a posta en marcha de medidas de mellora da calidade na oferta de graos universitarios nas universidades do SUG. Os graos que obteñan este selo recibirán un recoñecemento especial que lles permitirá diferenciarse e posicionarse como titulacóns de calidade e prestixio, non so a nivel galego senon tamén a nivel estatal e internacional.

En cumprimento do disposto na precitada Orde, **resolvo** convocar un proceso de selección entre titulacóns de Grao que se impartiron na UDC no curso académico 2022/2023 e que continúen impartíndose na actualidade, coa finalidade de elixir as tres titulacóns que se presentarán para optar á obtención do Selo de Grao de excelencia na Comunidade Autónoma de Galicia, que se rexerá polas seguintes,

BASES:

Primeira. Participantes:

Poderán participar nesta convocatoria as Facultades e Escolas da UDC.

Segunda. Requisitos:

Os títulos que se presenten á selección deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser títulos de grao de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, que contén coa autorización de impartición da Comunidade Autónoma.
2. Que veñan sendo impartidos pola UDC de xeito ininterrompido, como mínimo, desde o curso 2018/19 e que continúen impartíndose na actualidade.

Terceira. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As Facultades e Escolas presentarán na Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente, a través de correo electrónico (vpaid@udc.es) as súas solicitudes adxuntando unha memoria cos apartados indicados no Anexo I da presente convocatoria.

O prazo de presentación remata o día 27 de outubro de 2023.

Código Seguro De Verificación	mVpvW04vMrz7QNnuGEQF0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	18/10/2023 10:14:55
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mVpvW04vMrz7QNnuGEQF0A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Cuarta. Selección:

O órgano competente de efectuar a selección das propostas presentadas é a Comisión de Plans de Estudos (CPE), delegada do Consello de Goberno da UDC.

A selección provisional farase pública no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade, para que no prazo que se estableza pola CPE os centros participantes podan presentar alegacións.

Quinta. Forma e prazo de presentación de solicitudes finalistas:

Unha vez seleccionados os títulos de grao que a UDC presentará á convocatoria de concesión de selo de grao de excelencia, os Centros responsables destes títulos comprométese a presentar a documentación final para o envío, seguindo o modelo dos Anexo I e Anexo II da convocatoria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

(https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231010/AnuncioG0655-021023-0001_gl.html).

O prazo de presentación da documentación final remata o día 4 de decembro de 2023.

A Coruña,
O reitor,
PD (RR 14/01/2020)
A Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente
Nancy Josefina Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	mVpvW04vMrz7QNnuGEQF0A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	18/10/2023 10:14:55
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mVpvW04vMrz7QNnuGEQF0A==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I
MEMORIA PARA A SELECCIÓN DE CANDIDATOS AO SELO DE GRAO DE EXCELENCIA NA UDC

Criterio	Resultado e evidencias (a modo orientativo)
Taxa de ocupación	Número de estudantes de novo ingreso / número de prazas ofertadas
Taxa de graduación	Indicador SIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que finalizan a titulación no tempo teórico previsto no plan de estudos máis un curso ou antes – Taxa individual – Comparación coa rama de coñecemento e a universidade no seu conxunto
Taxa abandono	Indicador SIU: porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso nun estudo, que sen titularse non se matricularon no devandito estudo durante dous cursos seguidos – Taxa individual – Comparación coa rama de coñecemento e a universidade no seu conxunto
Taxa de inserción laboral	Último indicador publicado de inserción laboral Último indicador publicado do estudo de afiliación á Seguridade Social (SIU)
Colaboración co entorno e o tecido empresarial	Codeseño e participación activa na docencia, elaboración do plan de estudos e/ou desenvolvemento de proxectos Asesoramento, impartición de seminarios Bolsas ou colaboración económica...
Formación práctica	Porcentaxe de ECTS de prácticas externas curriculares do plan de estudos Porcentaxe de ECTS prácticos no plan de estudos, excluídas as prácticas externas obrigatorias Porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas curriculares
Enquisa do estudantado (programa avaliemos)	Relación entre a nota media de satisfacción co profesorado do centro e a nota media de satisfacción co profesorado da rama de coñecemento A relación entre a nota media de satisfacción co profesorado do centro e a nota media de satisfacción co profesorado da universidade
Programas de titorización / mentorización	Evidencias dos procedementos de acompañamento e asesoramento no proceso de aprendizaxe e orientación profesional. Grao de satisfacción dos estudantes
Participación do profesorado en cursos oficiais de innovación docente	Certificación da porcentaxe de PDI participante respecto do profesorado total do título
Grupos de Innovación Docente	Profesorado do grao participante no GID activo
Programa Docentia	Porcentaxe de profesorado avaliado no programa Docentia do total do título Porcentaxe de profesorado do título que acada unha nota \geq notable
Calidade	Recoñecementos da calidade da titulación (selos de calidade nacionais e internacionais) Posición da titulación en <i>rankings</i>

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
mVpvW04vMrz7QNnuGEQF0A==	Asinado	18/10/2023 10:14:55
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	
Observacións	Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mVpvW04vMrz7QNnuGEQF0A==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

